

O proceso de normalización lingüística de tres cidades galegas: Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. I

SOCORRO GARCÍA CONDE

I. O MARCO XERAL DE ACTUACIÓN

1. A NORMALIZACIÓN COMO OBXECTIVO SOCIAL

- Os conceptos de sociedade e lingua son inseparábeis. A lingua propia da nosa sociedade é o galego e, non obstante, a súa situación de uso non é a desexábel, non é a normal. Isto debería ser abondo para que a sociedade e as organizacións que a articulan, públicas ou privadas, teñan como obxectivo recuperar ese status de normalidade.
- Ademais, sen entrar no grao de asunción real que poidan ter, existen leis, no caso galego, enmarcadas en principios constitucionais e en directrices do marco europeo, que sinalan a necesidade de «normalizar o noso idioma». Esas mesmas leis, e a normativa complementaria, inclúen tamén algunhas determinacións sobre quen ten que traballar para conseguir ese obxectivo como deben actuar eses responsábeis, atribuíndo a maior parte da responsabilidade á administración en sentido moi amplo. Habería moito que falar de se acertan, de se o que prescriben é abondo ou queda escaso, e mesmo de se se cumpren..., pero non é o caso agora.
- Podemos considerar tamén a «demanda social» de recuperar usos para o noso idioma, que existe e que se manifesta de moi distintas maneiras: por exemplo, no labor de múltiples entidades, na reivindicación pública de líderes e referentes sociais, nas opinións que manifesta a poboación cando se lle pregunta, etc.

Xa que logo, con, cando menos, estes tres puntos anteriores, podemos partir de que a normalización do idioma galego no noso país é un obxectivo social. Falta, iso si, e non só nos textos escritos, senón tamén na opinión colectiva sobre este tema, unha definición

de cal é o modelo lingüístico a que aspiramos, é dicir, que entendemos por normalización do idioma.

De todos os xeitos, con esta base –normalización como obxectivo social– haberá que actuar –quizais tamén para ilo definindo– e haberá que ver quen ten responsabilidades na consecución do obxectivo, en que grao se lle poden esixir, e de que maneira as pode executar. Igualmente haberá que poñelo en relación con outros obxectivos sociais tanto para asocialo a eles como para unha correcta ponderación dos esforzos que dedicamos a cada un.

O título desta mesa inclúe os termos normalización e cidade. Centrareime, por tanto, no que toca a ese ámbito, e terei que facelo necesariamente desde o punto de vista do labor que se está realizando desde as administracións municipais, unha parte desas «cidades», sen que poida obviarse o marco xeral en que se insire.

2. AS CIDADES COMO POLO DE DINAMISMO, TAMÉN LINGÜÍSTICO

As cidades son un polo de dinamismo e cambio social en xeral, non hai máis que ver o peso en canto a modelos de comportamento que teñen en aspectos moi diversos. De acordo con isto, poden ter un papel fundamental no proceso de repoñer o galego ao lugar que lle corresponde. Mais non podemos esquecer que son as cidades os espazos en que o noso idioma está menos presente e que foron, e quizais continúen sendo, a orixe de modelos fortemente castelanizadores. É dicir, as cidades poden facer moito pero, na nosa historia, fixeron moito na contra. Cando falo das cidades falo de todo o entramado social, económico, político, mediático, etc., que inclúen.

Como ocorre con moita frecuencia, os fenómenos sociais comezan nas cidades, ou cando menos nos núcleos urbanos importantes. Daquela, logo dunha longa historia como foco de desgaleguización, é no ámbito urbano onde agromaron as primeiras reivindicacións e as primeiras iniciativas normalizadoras do idioma. Primeiro desde unha perspectiva cidadá e voluntarista e, moi pouco a pouco, especialmente desde hai uns 20 anos para aquí, con trazos cada vez máis formais e coa participación, aínda que tímida e incluso ás veces acomplexada, dalgunha administración.

No aumento cuantitativo e cualitativo da intervención normalizadora máis formal dos últimos anos, considero que hai algún fito significativo, e un deles é o papel dalgunhas cidades galegas, en concreto das súas administracións municipais, a partir das eleccións municipais de 1999. O mapa político municipal cambiou substancialmente nese momento e serviu para afianzar e dar cobertura ao incipiente labor técnico que se estaba realizando, ademais de supor un salto ao escenario público –pequeno, iso si– da política lingüística como parte da política municipal. Unha demostración de que isto debeu ser máis ou menos deste xeito é que hoxe estamos aquí tres representantes de tres servizos lingüísticos municipais que seguiron, con diferenzas por suposto, esa traxectoria, e aquí podería estar tamén o Concello de Pontevedra e algún outro. Non podemos deixar de citar aquí e

recoñecer publicamente os precedentes e, de maneira especial, o caso do Servizo Lingüístico de Fene, que nos serviu sempre de modelo.

Evidentemente, ademais das administracións municipais, temos que considerar neste «fenómeno» de inicio dun cambio de modelo de usos lingüísticos, de intervención normalizadora, por tanto, que nace no ámbito urbano, o que se está facendo desde as universidades –algunhas con máis traxectoria e outras con menos– ou desde outras institucións públicas. E tamén temos que incluír cun subliñado especialmente forte o labor permanente das organizacións sociais. Teño que manifestar, cando menos, como opinión persoal, que a implicación dalgunhas administracións municipais, dalgunha universidade e de moitas organizacións sociais, con teren unha menor competencia e unha menor dispoñibilidade de medios para dedicar a este fin, é comparativamente moito máis incisiva e avanzada que a da Xunta de Galicia, a principal institución pública con competencias no proceso.

3. A RESPONSABILIDADE PÚBLICA: AS ADMINISTRACIÓNS. A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Cando aludía antes ás leis que sinalan a normalización como un obxectivo desta sociedade facía referencia a que atribúen responsabilidades de maneira sobranceira ás administracións, como organizacións sociais de obrigada existencia e que nos agrupan a todas e a todos.

Se revisamos os datos do Mapa sociolingüístico, xa un pouco vellos, podemos lembrar que a poboación galega tamén lles atribuíu especial relevancia e, dentro delas, á Xunta de Galicia en primeiro termo e aos concellos de seguido. Logo veñen o ensino, os intelectuais, a familia, os medios de comunicación, as empresas e o goberno central, por esta orde.

G. Central	Ensin	Medios de Comunicación	Empresas	Concellos	Xunta	Pais	Intelectuais
2,69	4,11	3,99	3,37	4,27	4,51	4,10	4,18

Podemos deixar para o debate posterior a análise sobre a adecuación da resposta a esta atribución de competencias, é dicir, se cada quen fai o que debería. Trataré de centrarme agora no que atinxe ás administracións municipais.

A administración local participa, dirixe ou condiciona moita da actividade que se desenvolve nos espazos urbanos, e na vida cotiá de toda a poboación. Malia non ter case competencias normativas, é no ámbito local onde se deseñan e executan políticas urbanísticas, de servizos básicos, culturais, socioeducativas, sociais, etc. Isto multiplica o abano de posibilidades de intervención municipal no proceso de normalización en relación con outras esferas administrativas ou outras institucións que non afectan tan directamente á

vida da cidadanía, pero contrasta coa anemia de recursos que se dedican a elas e coa escasa importancia que en xeral se lles dá.

4. OS INSTRUMENTOS DUNHA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA INTERVIR NO PROCESO

De acordo co reparto de contidos que establecemos entre as tres persoas que participamos na mesa, non me toca entrar nas intervencións concretas que poden realizar os concellos, que agrupamos en tres tipos consonte ás formas de actuar que son habituais na administración –acción directa, de policía e de promoción–. Diso van falar as miñas compañeiras.

Si vou facer un percorrido polos instrumentos ou ferramentas que teñen para deseñar e executar esas intervencións. E fareino dividíndoos, agrupándoos desde dúas perspectivas: a política e a técnica. Todos eles parecen bastante evidentes, pero non foron, e aínda non son en moitos casos, unha realidade.

No primeiro dos ámbitos, o político, parece obvia, se é que se vai actuar no proceso, a esixencia dun **programa**, dun programa de goberno da institución en que se inclúan os obxectivos e as liñas de actuación que van orientar o labor. No mellor dos casos, cando existe ese apartado dentro do programa, é moi escaso ou xeral e, por veces, parece non estar na realidade. Como exemplo significativo, correspondente a unha etapa que poderíamos considerar das máis importantes dentro da actuación normalizadora municipal, podo lembrar as medidas que sinalaba o programa de goberno asinado polo BNG e o PSOE para o mandato 1999-2003 no Concello de Santiago, que nos pode dar unha medida do que incluíron outros:

1. *Elaboración dun plano de normalización lingüística para o Concello contando coa participación das entidades cidadás e a actualización do regulamento de uso do galego.*
2. *Ampliación e potenciación do Departamento de Lingua Galega.*

Tamén é fundamental atribuír a responsabilidade de dirección política a unha **concellaría**, que debe ter entre as súas delegacións expresas a política lingüística. Existe en moitos casos unha concellaría de cemiterios, incluso de vodas, pero non existe na maioría ningún que teña que encargarse de dirixir o proceso de regaleguización.

Como último instrumento político, sobre todo dentro dunha concepción necesariamente participativa de calquera proceso social, parece recomendábel contar cun órgano que aglutine representantes do tecido social: un **consello da lingua**. Entre as súas funcións primordiais estarían servir de ponte entre o poder político e a sociedade, afianzar as iniciativas no diálogo e contribuír á súa difusión social.

No plano técnico sinalarei dúas ferramentas que tamén considero fundamentais e que, se comparasemos a intervención sociolingüística coa urbanística, a socioeducativa, ou outras propias das administracións, non teríamos ningunha dúbida da súa necesidade.

Trátase de contar cuns **servizos técnicos** dedicados a executar a política lingüística da institución e dunha planificación desa política, o que vimos chamando un plano de normalización.

Respecto aos servizos técnicos, denominados de maneiras diversas –servizos de normalización, servizos lingüísticos, departamentos de lingua, etc.–, teríamos que sinalar algunhas cuestións.

Primeiro, podemos definilos como departamentos inseridos na organización para planificar e executar, desde a perspectiva técnica, as accións necesarias de cara a conseguir a súa adecuación lingüística ou a do seu ámbito de actuación aos obxectivos fixados.

E, a seguir, teremos que deternos no que implica esta definición e como contrasta coa realidade. Cómpre lembrar que non son unidades de obrigada creación e que aínda son poucos os concellos que contan con elas e moitos menos as que teñen unha certa estabilidade. Por outra parte, non existe un modelo ben definido, un perfil técnico e directrices de actuación comunmente asumidas, nin están na maioría dos casos, por razóns de creación, de funcionamento ou de organigrama, ben inseridos na organización que os acolle. Tampouco contan cos recursos adecuados e a formación técnica non é a que cumpriría para levar adiante unhas accións que, na maioría dos casos, non están integradas nas políticas xerais da entidade municipal. Finalmente tampouco as expectativas sobre o seu traballo son moi ambiciosas: son vistos dentro e fóra como unidades de tradución e os obxectivos que deben cumprir non están claros.

Fóra desta visión tan negativa estase traballando duramente para cambiar as súas expectativas e modelos de traballo e estase facendo de xeito bastante cooperativo. É moita xa a produción, incluso teórica, sobre como deben actuar, e son moitos tamén os programas formativos e de colaboración que se teñen realizado. Tamén se elaboraron propostas de optimización destas unidades, que pretendían ofrecer unha solución eficaz para contar con servizos públicos especializados para avanzar no proceso de normalización da lingua distribuídos por todo o país, utilizando mellor os recursos que ás veces malgastan as administracións que deberían dirixir o proceso –refírome á proposta que formulou no seu momento a CTNL para comarcalizar os servizos cos fondos que dedica a Xunta de Galicia a subvencións para concellos que nunca se sabe que rendemento producen.

A última das ferramentas técnicas é o plano de normalización. A súa consideración dentro deste ámbito é dubidosa porque, polo menos o modelo de plano que elaboraron concellos como o de Santiago ou o de Ferrol, pode perfectamente tamén considerarse un instrumento político. Quizais deberíamos deixalo nun espazo intermedio político-técnico porque, na nosa opinión, un plano de normalización debería compaxinar o necesario pacto social para a posta en marcha ou continuación do proceso –por tanto, incluír uns obxectivos froito do diálogo e da participación real da sociedade– co deseño das liñas de actuación e das medidas concretas para levalos a cabo, a priorización que cumpra, a disposición dos recursos e o establecemento de prazos. Deste tipo de planos non temos aínda ningún neste país.

5. A COORDINACIÓN ENTRE DIFERENTES AXENTES, A PARTICIPACIÓN E A CREACIÓN DE REDES

O último apartado da miña intervención tenta facer fincapé nun «principio» xeral de actuación que, cando menos na miña –e creo que na nosa– opinión, avalada pola experiencia que tivemos durante estes anos, é fundamental se se quere obter algún éxito neste empeño.

A vinculación entre lingua e sociedade, o carácter social do obxectivo da normalización, a complexidade que supoñen os modelos de usos lingüísticos, a cantidade de axentes –e pacientes– implicados no proceso, fan necesaria a **coordinación e unha perspectiva de rede**.

Non é posíbel no contexto actual levar adiante un proxecto de dinamización lingüística dirixido a un sector concreto sen contar coa participación dos axentes que actúan nel. Non se concibe facelo porque calquera proposta choca inmediatamente cunha morea de dificultades moito máis grande que chega da man dos interlocutores acaídos, apoiada polas entidades que están actuando no sector ou dirixida por elas.

A creación de redes, temporais e permanentes, de vínculos entre elas e de reforzos para o traballo nesta perspectiva é fundamental, ademais de pola vantaxe comparativa en canto a difusión e recepción das propostas, polo que toca ao apoio mutuo que se pode facilitar, ao rendemento dos esforzos cando existe a cooperación e á ampliación das posibilidades de intervir.

Ese traballo en rede, participativo e coordinado, ten que atinxir tanto ao ámbito político como ao técnico. Para este último, que actúa moitas veces de acicate do político, apoiarse nas entidades externas permite achegar proxectos que doutra maneira non serían considerados; contar coa súa colaboración axuda a paliar a escaseza de recursos e, sobre todo, presta un certo apoio moral para continuar na loita. Para o primeiro, debería ser o principio que animase a posta en marcha de proxectos máis globais, con maior repercusión en todo o país, que permitisen o aproveitamento real da capacidade e dos recursos das diferentes administracións.

Este traballo en rede está presente no deseño dos planos de normalización que se fixeron nos concellos, na base da creación dos consellos de lingua, na idea inicial de organizacións como a Coordinadora de Normalización Lingüística, no fundamento da maioría das nosas actuacións sectoriais... en case todo o que facemos desde os servizos lingüísticos dos concellos.